	SLEB5.5. Comprende e trata de comunicar o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución para superar a materia 3º ESO
--	---

Contidos sintáctico-discursivos. 3º ESO.

- Entender os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos)
- Captar a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con algunha dificultade e con necesidade de repeticións.
- Identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.
- Participar en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados.
- Identificar a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.
- Escribir a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade.
- Presentar e describe a alguén e dicir cales son as súas calidades e defectos. describir o aspecto dalguén
- Expresar sensacións e emocións. Facer recomendacións. Falar do futuro
- Orientarse nunha cidade, describir lugares. Preguntar e indicar un camiño.
- Falar das tarefas do fogar e de pequenos servizos. Describir e comparar obxectos.

- Os tempos verbais: presente *passé composé*, imperfecto, o futuro simple (formación, verbos irregulares) dos verbos en –er ,avoir ,être,faire, aller ,venir, devoir,vouloir, pouvoir
- *Avoir besoin de* + nome/ + infinitivo.*Il faut/ on doit* + infinitivo.
- Palabras interrogativas.
- Os pronombres relativos (*qui, que*).
- O xénero dos adxectivos
- A negación: plus, personne, rien
- Os adverbios de intensidade.Preposicións de lugar
- Léxico: colexio, actividades extraescolares, países e nacionalidades, a roupa, a descrición física, sensacións e emocións ,a cidade, as tarefas do fogar

4ºESO

Se partimos de que os estándares de aprendizaxe avaliábeis son o referente para a avaliación final, o alumno debe telos adquiridos ao terminar o curso.

De todos xeitos, para informar durante o curso do proceso de aprendizaxe, analizarase o progreso e adquisición das aprendizaxes dos alumnos en cada avaliación.

Para as rúbricas, podería empregarse a seguinte escala (onde o 2 considerárase o grao mínimo de consecución):

Escala de valoración	Indicador de logro o criterio de cualificación	
4	Excelente	Moi ben
3	Avanzado	Ben
2	Acadado	Regular
1	En vías de consecución	Mal

Na seguinte táboa, indícanse por cada estándar de aprendizaxe o grao mínimo de consecución para superar a materia de 4º ESO

	Estándares de aprendizaxe	Procedementos	Instrumentos de avaliación.
Bloque 1. Comprensión de textos orais	SLEB1.1.	Observación sistemática.	Escala de observación.
	SLEB1.2.	Observación sistemática. Proba específica.	Escala de observación. Caderno de actividades. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB1.3.	Intercambios orais. Cuestionarios. Entrevistas. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Caderno de actividades. Rúbrica para probas orais.
	SLEB1.4.	Observación sistemática. Actividades de CO. Cuestionarios. Intercambios orais. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Caderno de actividades. Rúbrica para probas orais.
	SLEB1.5.	Intercambios orais. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB1.6.	Actividades de CO. Intercambios orais. Proba específica.	Escala de observación. Caderno de actividades. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
Bloque 2. Producción de textos orais	SLEB2.1.	Exposición oral. Observación sistemática. Análise de producións do alumnado. Gravacións. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB2.2.	Observación sistemática. Exposición oral. Debates. Análise de producións do alumnado. Gravacións. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB2.3.	Observación sistemática. Intercambios orais. Análise de producións do alumnado. Gravacións. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB2.4.	Exposición oral. Debates. Análise de producións do alumnado. Gravacións. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.

	Estándares de aprendizaxe	Procedementos	Instrumentos de avaliación.
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	SLEB3.1.	Actividades de CE. Probas específicas. Cuestionarios.	Caderno de actividades. Obxectivas. Pechados.
	SLEB3.2.	Actividades de CE. Probas específicas. Cuestionarios.	Caderno de actividades. Obxectivas. Pechados.
	SLEB3.3.	Actividades de CE. Proxectos. Probas específicas. Cuestionarios. Correspondencia.	Caderno de actividades. Obxectivas. Pechados.
	SLEB3.4.	Actividades de CE. Probas específicas. Cuestionarios.	Caderno de actividades. Obxectivas. Pechados.
	SLEB3.5.	Actividades de CE. Proxectos. Probas específicas. Cuestionarios. Investigación na rede e proxectos.	Caderno de actividades. Obxectivas. Pechados.
Bloque 4. Producción de textos escritos	SLEB4.1.	Análise de producións. Correspondencia. Probas específicas.	Caderno. Caderno de actividades. Abertas. Rúbrica para produción escrita.
	SLEB4.2.	Cuestionarios. Probas específicas.	Pechados. Caderno de actividades. Rúbrica para produción escrita.
	SLEB4.3.	Análise de producións. Probas específicas.	Caderno. Caderno de actividades. Abertas. Rúbrica para produción escrita.
	SLEB4.4.	Análise de producións. Probas específicas.	Caderno. Caderno de actividades. Abertas. Rúbrica para produción escrita.
Bloque 5	SLEB5.1.	Observación sistemática. Proba específica.	Escala de observación. Obxectivas. Rúbrica para probas orais.
	SLEB5.2.	Observación sistemática.	Escala de observación.
	SLEB5.3.	Observación sistemática.	Escala de observación.
	SLEB5.4.	Observación sistemática.	Escala de observación.

	Estándares de aprendizaxe	Procedementos	Instrumentos de avaliación.
Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural en textos escritos		Proxectos.	
	SLEB5.5.	Observación sistemática.	Escala de observación.

Contidos sintáctico-discursivos 4º ESO.

- Falar das viaxes
- Contar sucesos en pasado Descubrir plans para desplazarse Falar do carácter
- Describir personas Descubrir fábulas
- Falar dos fenómenos da natureza
- Falar das ventaxas e inconvintes dos diferentes oficios Describir diferentes momentos dunha acción
- Falar das tarefas domésticas Protestar, defenderse dunha acusación Dar consellos
- Describir alguén de maneira detallada Reflexionar antes de contestar Expresar a causa
- Animar a alguén a tomar unha decisión.
- Describir obxectos
- Falar dos sonos.
- Descubrir algunhas invencións francesas.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A avaliación terá un carácter formativo, realizaráse a través da observación individual de cada alumno na clase, da súa progresión e da súa integración no proceso ensino-aprendizaxe.
- Para comprobar o grao de consecución dos obxetivos xerais e do logro das competencias clave, o método utilizado propon os seguintes instrumentos:
- En cada unidade, na primeira páxina preséntanse os obxetivos de comunicación das diferentes leccións e descóbrese o vocabulario dunha forma activa y motivadora.
- En “ j’écoute et je parle” favorécese a comprensión e expresión oral e realízase un descubrimento activo da gramática.
- A páxina” je joue et je révise” ten como finalidade valorar os logros, evidenciar os progresos e, ao mesmo tempo, identificar as dificultades que se deben superar.

- As páxinas **Bilan** formulan aos alumnos a realización de produtos lingüísticos escritos e orais baseados nos contidos traballados en cada unidade que mostrarán o grao de aprendizaxe e competencia alcanzados. A avaliación oral realízase co grupo de clase de forma dinámica e verificará a adquisición de contidos das unidades. Tódalas unidades do libro rematan cunha tarefa final, na que os alumnos, en pequenos grupos deberán combinar as súas aptitudes e as competencias adquiridas para levar a cabo o proxecto global colectivo.
- O caderno de exercicios está destinado ao traballo individual e á sistematización dos contidos presentados na clase.
- Numerosas actividades axudan aos alumnos a realizar a súa propia autoevaluación.
- No material complementario anéxanse controis globais, exercicios destinados ó tratamento da diversidade.
- Ao longo do curso faranse probas escritas e orais mais ou menos amplias e frecuentes, simultaneamente, mostrando deste xeito o interese cara a materia.
- As preguntas dos controis escritos, para ser calificadas positivamente, deberán ser, polo menos, correctas na metade da resposta. Para aprobar a asignatura hai que superar as probas propostas nas distintas avaliacións. Ademais disto terase en conta a lectura obrigatoria ou voluntaria de libros axeitados ó seu nivel, o traballo en grupo e o caderno de clase.
- Como consideramos fundamental que na aprendizaxe dunha lingua estranxeira hai que ter sempre en conta os contidos adquiridos paulatina e gradualmente, a avaliación será continua. De todas maneiras, sabemos que sempre haberá alumnos con resultados negativos, para eles realizaremos un examen global mediante o que poderán demostrar que están capacitados para enfrentarse ó curso seguinte.

7.1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de poñer en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente sábese. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, na que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán ao alumnado para construír e decodificar

textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción de devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica derívense do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado no aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliáveis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

O Departamento de Francés incorpora a avaliación actual da didáctica das linguas estranxeiras.

Os métodos recollen as instrucións e progresións do MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS (MECR) e as normativas oficiais fixadas para o ensino da 1ª e 2ª lingua estranxeira na ESO.

- O Departamento dálle unha importancia primordial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave que se incorporan ao currículo da Secundaria Obrigatoria, así como aos cinco bloques en que se agrupan os contidos para a aprendizaxe da lingua estranxeira:

Bloque 1. Comprensión de textos orais.

Bloque 2. Produción de textos orais : expresión e interacción.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos.

Bloque 4. Produción de textos escritos : expresión e interacción.

Bloque 5. Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.

Desenvolve a capacidade de interactuar nas situacións das habilidades do uso oral da lingua: escoitar, falar, conversar, así como as habilidades ler e escribir, e potencia tanto as destrezas produtivas coma as receptivas, dando á comprensión un lugar relevante (escoitar e comprender, ler e comprender).

Na programación didáctica deste departamento:

- Divídese a lingua, como é habitual, en progresións nas 4 competencias:
- a comprensión oral e escrita,
- a expresión oral e escrita,

pero incorporase desde o comezo o cruzamento destas competencias á vez que se mantén o seu carácter específico, deixando así ao profesor a elección de insistir máis ou menos nunha competencia determinada. Esta característica vencéllao á competencia en comunicación lingüística.

Dáselle prioridade á comprensión oral e escrita en relación coa expresión, sobre todo no inicio da aprendizaxe, para crear unha bagaxe importante de coñecementos pasivos na lingua oral e na lingua escrita que facilita un avance máis rápido.

Xunto coa competencia en comunicación lingüística, en 1º de ESO, desenvólvese a competencia para aprender a aprender, con habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.

En 2º de ESO, a expresión oral comeza a ocupar un papel cada vez máis importante a medida que aumenta a bagaxe dos alumnos.

En 3º de ESO, se segue a traballar a comprensión oral e escrita, para consolidar un conxunto importante de coñecementos pasivos que permita aos alumnos comprender, tanto oralmente coma por escrito, textos cada vez máis interesantes. Nembargante, en 3º e 4º será prioritaria a expresión oral, á vez que se inicia unha práctica sistemática da expresión escrita.

Algúns dos principios metodolóxicos que guiarán a presente programación didáctica:

Uso do francés como lingua de comunicación na aula.

Realización de actividades variadas nas que se practiquen tanto aspectos orais como escritos.

Orientarase ao alumnado cara:

- A lectura e comprensión de textos. Actividades de verdadeiro e falso e xustificación con frases do texto. Xustificación das respostas con elementos do texto, reformulando parcialmente devanditos elementos.
- O léxico. Realizaranse actividades para ampliar o léxico, de modo que sexan capaces de atopar sinónimos e antónimos a palabras propostas.
- A gramática. Realizaranse actividades para resolver tarefas de gramática.
- Expresión escrita. Traballaranse estratexias para mellorar a expresión escrita.

Canto máis elevado sexa o curso, toma unha especial importancia o debate sobre os temas presentados. Ao tratarse de temas próximos e de actualidade.

- Propiciaranse metodoloxías de traballo no aula en equipos mixtos, toma de decisións compartida, espazos de reflexión e a actitude positiva cara á asunción dos consensos.

Utilízase a aprendizaxe por «tarefas» (ABP) para integrar e sintetizar as diversas competencias, en relación cunhas actitudes e uns valores como a cooperación, e no marco dunha aproximación comunicativa. A realización destas tarefas é un momento ideal para desenvolver a expresión libre oral en situación de interactividade real.

Desenvólvense aquí dúas competencias: competencia para aprender a aprender, ter conciencia das propias capacidades e ser quen de cooperar, ademais da competencia social: coñecerse e valorarse, expresar as propias ideas e escoitar as alleas.

Téñense previstos uns exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os diversos niveis de funcionamento da lingua estranxeira, sobre a gramática, o paso da lingua escrita á oral, etc., e invítase á comparación co funcionamento das linguas que os alumnos coñecen.

Igualmente aquí se contempla a competencia en comunicación lingüística, e este punto incide especialmente no estudo dos elementos constitutivos da lingua, o seu funcionamento e relación.

Insístese na aprendizaxe en espirais sucesivas. A integración dos coñecementos en espirais regulares (sínteses sucesivas de lección en lección e sínteses de sínteses) permite unha mellora rápida e segura da aprendizaxe.

O alumnado entra nun proceso de pensamento lóxico, de dedución-indución, moi relacionado coa competencia matemática, para a obtención de datos e solución de problemas. Segundo vai subindo de

nivel, o alumnado é máis consciente desta mellora. Especialmente, en 3º e 4º (si houbera alumnado), a conciencia deste proceso en concreto aumento xa que se alternan momentos de revisión global con momentos de novas aprendizaxes que se integran con naturalidade no conxunto anterior.

Faise ver ao alumno que progresa rapidamente poñéndoo enfronte duns bilans regulares e unhas auto-avaliacións en todas as competencias. Especialmente -no nivel 1,- dáse desde o comezo unhas bases esenciais para que o alumno sexa autónomo o antes posible desde o punto de vista da comprensión escrita e fíxe moi pronto o paso do escrito ao oral para que aproveite tamén oralmente o que aprende lendo. A lectura en voz alta baixo todas as súas formas é pois un exercicio clave desde o comezo.

Neste caso desenvólvese a competencia de aprender a aprender, á vez que a autonomía e iniciativa persoal. Foméntanse as habilidades para obter información, a proposta de metas, a perseveranza, a autocrítica, a aprendizaxe partindo do recoñecemento do erro.

En particular, en 2º da ESO proporciónase aos alumnos unhas estratexias de lectura en silencio para que prosigan o seu camiño cara á autonomía dende o punto de vista da comprensión escrita. Numerosos exercicios de lectura en voz alta aseguran o paso do escrito ao oral para que sexa rendible tamén oralmente o que aprende en lingua escrita e o paso inverso do oral ao escrito.

En 3º e 4º da ESO (si houbera grupo) proporciónase aos alumnos estratexias de lectura en silencio e de lectura en voz alta. Numerosos exercicios de escoita e de lectura simultánea ou de lectura en voz alta aseguran o paso da lingua escrita á lingua oral e da lingua oral á lingua escrita para que o alumno aproveite oralmente o que aprende lendo e viceversa.

Tamén se empregarán probas anteriores e similares ás das PAU e ás certificacións oficiais estruturadas de acordo as catro destrezas, tanto das Escolas Oficiais de Idiomas como do DELF Scolaire para a preparación do alumnado ás probas no marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Embaixada de Francia.

O Departamento ten en conta igualmente a evolución da Internet, o uso xa habitual do correo electrónico e da ensinanza a distancia (E-learning) aplicada á ensinanza das linguas estranxeiras, que dan ao alumno unhas posibilidades de autoaprendizaxe individual, oral e escrita (en varios niveis) e unha capacidade ilimitada de consulta.

A utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) fan que o alumno desenvolva habilidades para obter información que transformará despois en coñecemento e comunicación: tratamento da información e competencia dixital.

En función dos cambios xeracionais actuais e da necesidade de esixir seriedade e calidade aos estudantes de secundaria (gusto polo esforzo, constancia, observación, concentración, etc.), o departamento propón de traballar de forma específica sobre os valores individuais e sociais (igualdade, ética, cooperación, protección da natureza e outros), a través da elección dos textos e da metodoloxía.

Poténcianse aquí varias competencias referidas tanto a valores sociais (competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, competencia social e cidadá, competencia cultural e artística), coma a valores individuais (aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal).

O Departamento segue a tendencia xeral na didáctica das linguas estranxeiras, é dicir a de unha maior flexibilidade metodolóxica co obxectivo de conseguir un ensino máis comunicativo, tanto oral como escrita, e un ensino funcional e centrado no alumno, tal e como preconizan as teorías cognitivas e constructivistas da aprendizaxe.

- Tratamento Integrado das Linguas / TIL:

A LOMCE (e despois tamén o Decreto 86/2015) marca o TIL como principio metodolóxico tal como xa apuntou o Departamento de Francés na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 9 de setembro de 2015 e na do 5 de outubro de 2016.

- Aprendizaxe baseada en Proxectos / ABP:

En canto ao uso de metodoloxías activas, o Departamento de Francés procurará levar a cabo proxectos en todos os niveis “para avaliar ao alumnado de acordo co seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais”.

O Departamento tamén procurará fomentar a creatividade, a cooperación e o traballo colaborativo na aula.

Tamén se terá en conta a metodoloxía lúdica co emprego de xogos educativos.

7.2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

Na ESO, utilizarase un libro de texto como base fundamental de traballo na aula, pero facendo fincapé nos temas que lles interesan a estes alumnos, así como todo tipo de material: audio, vídeo, fotos, carteis, debuxos ou outras fontes similares. En todo caso os materiais estarán ó servizo das nosas propostas didácticas.

Dada a importancia das competencias de aprender a aprender e de resolución de problemas no ensino das linguas estranxeiras todos estes materiais ofrecen exercicios concretos, que, convenientemente secuenciados, esperamos promovan a realización de actividades que dean lugar de forma progresiva á adquisición das competencias necesarias para o dominio da lingua.

Ademais dos materiais que aportarán o profesorado (textos, exercicios de repaso, fichas, artigos de revistas, páxinas web, documentos auténticos, películas en versión orixinal...), utilizaranse os seguintes manuais de referencia:

FRANCÉS –Segunda lingua estranxeira

1º ESO	
<i>Libro de Texto</i>	<p><i>Parachute 1</i> - Edit. Santillana</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Libro do alumno.</i> • <i>Caderno de actividades.</i>
<i>Secuenciación</i>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Primeira avaliación: Unités 0 - 1 - 2 ✓ Segunda avaliación: Unités 3 - 4 ✓ Terceira avaliación: Unités 5 - 6
Tamén se lles facilitará unha selección de lecturas recomendadas ó alumnado.	

2º ESO

	Parachute 2 - Edit. Santillana	
<i>Libro de Texto</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Libro do alumno.</i> • <i>Caderno de actividades.</i> 	
<i>Secuenciación</i>	✓	Primeira avaliación: Unités 0 - 1 - 2
	✓	Segunda avaliación: Unités 3 - 4
	✓	Terceira avaliación: Unités 5 - 6
Tamén se lles facilitará unha selección de lecturas recomendadas ó alumnado.		

3º ESO		
	Parachute 3 - Edit. Santillana	
<i>Libro de Texto</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Libro do alumno.</i> • <i>Caderno de actividades.</i> 	
<i>Secuenciación</i>	✓	Primeira avaliación: Unités 0 - 1 - 2
	✓	Segunda avaliación: Unités 3 - 4
	✓	Terceira avaliación: Unités 5 - 6
Un libro de lectura obrigatoria que será elixido polo departamento. Tamén se lles facilitará unha selección de lecturas recomendadas ó alumnado.		

4º ESO		
	Parachute 3 - Edit. Santillana	
<i>Libro de Texto</i>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Libro do alumno.</i> • <i>Caderno de actividades.</i> 	
<i>Secuenciación</i>	✓	Primeira avaliación: Unités 0 - 1 - 2
	✓	Segunda avaliación: Unités 3 - 4
	✓	Terceira avaliación: Unités 5 - 6
Un libro de lectura obrigatoria que será elixido polo departamento. Tamén se lles facilitará unha selección de lecturas recomendadas ó alumnado.		

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ensino presencial

Para a cualificación, en francés, xa dixemos que tiñamos en conta as catro destrezas básicas: *comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita.*

En todos os cursos da **ESO**, tal como se informa ao alumnado, a **cualificación** baseárase nos seguintes puntos:

Seguimento persoal a través das actividades realizadas, tanto na casa como na clase.

Realización de actividades, tarefas e proxectos.

Seguimento do caderno do curso, portfolio e caderno de exercicios.

Actitude na clase cara a materia e esforzo persoal.

Participación na clase, nas actividades e proxectos.

Exames, probas e tests de avaliación.

Lectura dos libros establecidos.

Dentro do período de cada avaliación, farase como mínimo un exame da materia correspondente, máis os controis que se consideren convenientes e que versarán sobre diversos aspectos de lingua, gramática, vocabulario, verbos, lectura, escoitas.

Os exames ponderarán o dobre que os controis. As cualificacións, polo tanto, de cada avaliación obteranse na súa totalidade a partir das notas das distintas probas, calculando a media de acordo coa ponderación indicada.

A actitude cara a materia serán tidos en conta e poden supoñer ata un 20% da nota de cada avaliación, até un máximo de 2 puntos sobre 10.

Asi mesmo, o/a alumno/a deberá manter o seu ou os seus cadernos de exercicios limpos, deberá realizar as tarefas que lles serán indicadas e deberá presentar os exercicios corrixidos en cada avaliación. Este punto poderá supoñer un 10% da nota de cada avaliación, até un máximo de 1 punto sobre 10.

Utilización de métodos ilegais para a realización das probas: se o profesorado descubre a o alumnado utilizando calquera método ilegal para a realización de calquera das probas (“chuletas”, uso do móbil, lápices, reloxos intelixentes, outros aparellos electrónicos, etc...), este terá automaticamente a avaliación suspensa. Isto terá consideración de falta grave tal como ven recollido nas Normas de Organización e Funcionamento do centro e será notificado por escrito á xefatura de estudos. No caso de tratarse da avaliación final, o alumnado igualmente sería avaliado como suspenso e tería que recuperar a materia na avaliación extraordinaria de setembro.

Avaliacións non superadas: a avaliación será continua e, polo tanto, **NON** haberá recuperacións. Se o alumnado suspende unha das avaliacións, recupéraa aprobando as seguintes, xa que en todas as probas inclúense contidos das avaliacións anteriores.

Convocatoria extraordinaria.

En todos os cursos, o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe e dos contidos sintáctico discursivos do Decreto correspondente (LOMLOE) serán de aplicación tamén na proba da convocatoria extraordinaria.

O 100% da cualificación corresponderá á proba da convocatoria extraordinaria. É necesario acadar un 5 para superar a materia.

Prestarase atención a levar a cabo o correcto procedementoda información ao alumnado.

Os criterios de Promoción e titulación do alumnado de ESO son os establecidos na normativa educativa vixente (LOMCE e Decreto 86/2015) e o que se concrete no PEC e nas CCP.

Ensino non-presencial

Esta adecuación do proceso de avaliación poderá materializarse en:

a **Unidade de Traballo desenvólvese por completo durante este período non presencial:** manteremos as clases mediante Webex e a nota pasará a basearse na asistencia a clase en Webex e na entrega dos traballos solicitados polo profesor na aula virtual ou directamente na clase Webex, pero serán entregados pola aula virtual ou correo electrónico.

a **Unidade de Traballo non se desenvolve na súa totalidade durante este período non presencial:** neste caso si que se manteñen as porcentaxes orixinais reservando a celebración das probas escritas e/ou orais para cando finalice o período de suspensión e se recupere a normalidade do proceso de ensinanza aprendizaxe. As tarefas realizáranse a través da aula virtual ou correo electrónico para garantir as adquisicións das aprendizaxes e a avaliación continua. De volta ao presencial, as probas incluíran a materia vista e traballada durante ese período non-presencial.

Ensino semi-presencial

Refírese a combinación do traballo presencial (na aula), e do traballo en liña (combinando Internet e neste caso a aula virtual) desde a casa. O alumnado compaxina o traballo feito na aula co traballo realizado na casa a través de internet.

Polo tanto, matendremos en todo momento os mesmos criterios que temos no ensino presencial.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente centrarase nos seguintes

aspectos:

1. Planificación
2. Motivación do alumnado

3. Desenvolvemento do ensino

4. Seguimiento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

No que respecta á planificación farase unha reflexión sobre a adecuación dos contidos ás particularidades do grupo de alumnos e á planificación das clases.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas e o tempo disponible para o seu desenvolvemento.		
Selecciono e secuencio os contidos da programación cunha distribución e unha progresión adecuada as características de cada grupo de alumnos.		
Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos e dos distintos tipos de contidos.		

Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Establezo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnos e o grao no que alcanzan os aprendizaxes.		

No que respecta á motivación do alumnado farase unha reflexión sobre a estimulación para acadar a participación activa do alumnado, a adecuación aos seus intereses e a información sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Proporciono un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Formulo situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).		

Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia , funcionalidade e aplicación real.		
Informo sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.		
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		

No que respecta ó **desenvolvemento do ensino** farase unha reflexión sobre o mantemento dunha comunicación fluida cos alumnos, a predisposición a aclarar dúbidas fóra da aula e a formulación de actividades grupais.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Resumo as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade .		

Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos, se é posible, cos xa coñecidos: intercalo de preguntas aclaratorias; poño exemplos.		
Teño predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída cos estudantes.		
Formulo actividades grupais e individuais.		
Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		

No que respecta ó **seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe** farase unha reflexión sobre o axuste da programación á avaliación inicial, a autoavaliación e a información sobre a mellora na realización de tarefas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora

Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
Proporciono a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como podo melloralas.		
Propoño novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se acadaron.		
Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas.		

10. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Co obxecto de facilitarlle ó alumnado a superación da materia de Lingua Francesa pendente, propónse o seguinte plan de traballo, que inclúe os contidos esixibles e as actividades de avaliación, aínda que cabe destacar que non temos alumnado coa materia pendente.

Contidos

Os contidos mínimos esixibles para cada curso serán os que aparecen recollidos na **programación didáctica** para cada curso.

Actividades de avaliación

O alumnado terá dereito a realizar dúas probas finais : unha no mes de maio e outra no mes de setembro. Ámbalas dúas realizáranse antes das correspondentes probas finais do curso no que estea matriculado o alumno.

Deberá facerse un seguimento do alumno co Francés pendente para avaliar de forma continua os seus progresos, tendo en conta:

-A participación positiva nas tarefas da aula.

-As probas realizadas na clase para comprobar a adquisición de contidos.

O profesor proporcionará ó alumnado co Francés pendente actividades de reforzo que lle axuden á recuperación de dita materia.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

En 1º de ESO, onde os alumnos empezan de cero na materia, non se establece unha avaliación inicial en francés pero é o momento de detectar carencias nas linguas maternas que poderían dificultar a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira. Na sesión de avaliación inicial decidírase a exención de francés para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe e darlles a posibilidade de reforzar as linguas castelá e galega. A exención debe ser consensuada pola xunta de avaliación, aprobada polo Departamento de Orientación e aceptada polas familias.

No resto dos cursos, durante as primeiras semanas a observación do alumno será un procedemento esencial nas actividades que se propoñan durante as primeiras sesións. Consideramos importante recoñecer as necesidades que poidan ter os nosos alumnos. Procederíamos a avaliación do nivel xeral do grupo a través dos seguintes procedementos:

-Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral .

- Realización de actividades de repaso individuais ou colectivas, como a realización da unidade 0 dos libros de texto, que fai un repaso dos contidos do ano anterior, e como son grupos reducidos, podemos comprobar o nivel de coñecementos dos alumnos na aula, ou ben, cun exame ou facendo preguntas a nivel oral sobre os exercicios propostos na devandita unidade. Esta proba permitirá ao profesor detectar os diferentes niveis competenciais do alumnado para darlles unha atención máis diversificada en función das súas necesidades.

-Autoavaliación, en forma de cuestionario, sobre estilos de aprendizaxe, destrezas destacadas e aspectos a mellorar. De seren precisas medidas individuais ou colectivas a adoptar (só se adoptarán se son necesarias) como consecuencia dos resultados da avaliación inicial. Podería incluír reforzos contemplados no apartado de medidas de atención á diversidade como a realización de actividades de repaso individuais ou colectivas. Mecanismo para informar ás familias: a través dos titores de cada grupo.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

En todo grupo de alumnos existen diferentes ritmos de aprendizaxe e niveis de motivación, polo que o noso obxectivo é que tódolos alumnos participen no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcancen o éxito de acordo co seu nivel de capacidade e interese.

Os libros de texto proponnos actividades de ampliación e reforzo que van dirixidas ben a alumnos que terminan antes o seu traballo ou ben aos que necesitan traballar máis algún contido.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO

A aprendizaxe das linguas estranxeiras é un elemento fundamental para a comunicación entre os homes de distintos países, supón una vontade de cooperación, un interese pola pluralidade cultural, ademáis da súa incidencia na maior preparación para o mundo laboral. Os adolescentes a través dos temas transversais poñen en práctica o seu xuízo crítico en relación cos problemas e os conflitos sociais, persoais ou de relación, para ser capaces, fronte a estos, de ter actitudes e comportamentos basados en valores racionais e libremente asumidos.

Os valores que se traballan son os seguintes: igualdade (non discriminación, non dominación), solidaridade (frente ás diferentes formas de explotación e egoísmo), xustiza (defensa dos dereitos individuais e colectivos), libertade (oposición a calquera tipo de esclavitud e de non recoñecemento do espacio reservado par as decisión persoais), saúde (reacción fronte a desvalorización do corpo e do benestar en xeral).

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA ESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Plan lector: Lectura de textos franceses na clase con actividades individuais e en grupo sobre os mesmos. Ademais, se queren ler un libro poden escoller un na biblioteca ou na aula de idiomas falando previamente coa profesora.

Plan reforzo: fichas, actividades, exercicios e atención personalizada para os alumnos que o precisen.

Plan diversidade: adaptación de contidos para aqueles alumnos que o precisen.

Tamén estaría ven poder recurrir a un conta contos con *L'afrique contée* para todo o alumnado de francés, a data quedaría por confirmar.


Así como poder asistir a representacións teatrais adaptadas para todos os alumnos de francés, así como ver películas en versión orixinal con subtítulos en castelán ou en galego ou establecer novas amizades por mail ou correo tradicional cón alumnado francófono.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Partindo da base de que é un documento de referencia, suxeito ás modificacións necesarias, esta programación será valorada tanto parcialmente ao longo do curso como ao final, tendo en conta os obxectivos acadados polo alumnado, que se reflectirá tanto nas cualificacións como na valoración do traballo da profesora. Despois de cada avaliación, a profesora do Departamento analizará a marcha da programación en canto a obxectivos, contidos, etc., e realizará os cambios ou axustes que considere oportunos, sempre pensando no nivel de coñecementos dos alumnos e alumnas.

Laxe, a 20 de setembro 2021

A xefa do Departamento de Francés



Asdo.:

Rosa Mª Torreira Otero